



## INSTRUCCIÓN ADMISIÓN

As solicitudes de admisión cubriranse ( **Do 1 ao 20 de marzo**) mediante o formulario normalizado (**ED550B**) a través da aplicación de xestión do proceso:

**<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>**

Dito formulario (ED550B) tamén será facilitado en papel gratuitamente nas Escolas e estará dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia e na páxina web da Consellería de Educación, así como na WEB **<http://centros.edu.xunta.es/craoqueixonvedra>**

**ENTREGARASE UNHA ÚNICA SOLICITUDE ASINADA POR ÁMBOLOS DOUS**

**PAIS/NAIS/TITORES LEGAIS** no centro que se solicita en primeiro lugar do **XOVES 2**

**AO LUNS 20 DE MARZO**. **CUBRIRANSE SÓ** as follas 1 e 2 e 4 do formulario

normalizado (ED550B) (ORDE do 12 de marzo de 2013 modificada pola Orde do 25 de xaneiro de 2017)

. \*As follas 3 e 5 solicitaranse no caso de ter que baremar.

Xunto coa solicitude de admisión, **achegarase copia do DNI do alumno ou copia da folia do libro de familia onde apareza o neno/a, e copia do DNIs dos pais/titores legais.**

(De entregarse varias solicitudes perderanse tódolos dereitos de prioridade como figura na normativa citada)

A documentación entregarase para a súa formalización na Secretaría da Sede do CRA de Boqueixón no seguinte horario :

Martes: 16:00-18:00

Mercores: 9:00-14:00

\* Fóra deste horario poderá entregarse no horario das escolas de 9 a 14 as titoras de aula.

**Os alumnos xa escolarizados, que presenten unha solicitude de admisión noutro centro, teñen a obriga de comunicalo ao seu centro de orixe.**

No caso de que se teña que baremar (habendo máis demanda de prazas que vacantes), **do 23 de marzo ao 5 de Abril** solicitarase a información acreditativa xunto coas follas 3 e 5 do formulario normalizado (ED550B)

**As listaxes de admitidos e excluídos provisionais presentaranse nos taboleiros das escolas antes do 25 de abril e as listaxes definitivas antes do 15 de maio de 2017.**

**O PRAZO DE FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA SERÁ DO 20 AO 30 DE XUÑO DE 2017.**

**NORMATIVA REGULADORA**

ORDE do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión modificada pola Orde do 25 de xaneiro de 2017.